



PROCEDIMENTO

Aprobación do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Patinaxe. Proceso electoral 2018-2022.

ANTECEDENTES

Primeiro. A Federación Galega de Patinaxe aprobou na súa Asemblea Xeral Extraordinaria do 22 de xuño de 2018 o regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral, á Presidencia e á Comisión Delegada e o calendario electoral estimado do proceso electoral 2018-2022. Na mesma Asemblea autorizouse á Xunta Directiva para facer os cambios necesarios indicados pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Segundo. O 25 de xuño de 2018 a Federación Galega de Patinaxe remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o devandito regulamento electoral xunto coa acta da asemblea e unha proposta de calendario electoral no que se indican as datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral.

Terceiro. O 16 de xullo de 2018 a secretaria xeral para o Deporte resolve devolver á Federación Galega de Patinaxe o texto do regulamento electoral e do calendario electoral para a súa emenda, concedéndolle un prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde a recepción da súa notificación, para a súa nova remisión e aprobación definitiva.

Cuarto. O 23 de xullo de 2018 a Xunta Directiva da Federación Galega de Patinaxe aproba o novo regulamento electoral e o calendario electoral incorporando as emendas formuladas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Quinto. O 26 de xullo de 2018 a Federación Galega de Patinaxe remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o regulamento electoral e o calendario electoral corrixido pola xunta directiva da federación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Segundo o disposto no artigo 17.3 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas: "A Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no prazo máximo dun mes, desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa





devolución para a emenda daquelas normas do regulamento que non se axusten ao disposto no presente decreto. Neste último suposto, indicaranse éstas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución entenderase aprobado o regulamento”.

2. O artigo 17.4. de dito regulamento establece que realizadas as modificacións, o novo regulamento remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.

3. A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, esta Secretaria Xeral

Resolve: Aprobar o regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Patinaxe e o calendario electoral aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 22 de xuño de 2018 e corrixido pola Xunta directiva da Federación na súa reunión do 23 de xullo.

En ningún caso se poderá impugnar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva o contido do regulamento.

A convocatoria das eleccións, xunto coa documentación do artigo 15.4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, comunicarase á Secretaría Xeral para o Deporte xunto coa certificación do/a secretario/a da Federación Galega de Patinaxe, no prazo de tres días desde a súa publicación.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,
A secretaria xeral para o Deporte
Marta Míguez Telle

